

Que non nos separemos de ti

Xesús, hoxe disnos no evanxeo que "vivamos unidos a ti, como o bacelo á vide".

Sen ti, Xesús, non podemos facer nada, porque ti es a nosa enerxía e a nosa brisa, o noso sangue e o noso zume.

Ti es a auga viva, a fonte cristalina, o lume vivo e transformante, ti es o pan vivo, a eira de trigo ondulante, viño anello que namora, es alento e vida que respiramos.

Sen ti asfixiámonos e morremos; sen ti as nosas palabras son baleiras e os nosos sentimentos coitados; as nosas relacións hostís, os nosos amores posesivos e as nosas festas máscaras.

Ti, Xesús, es o toque do Espírito, o canto, a inspiración, a medicina, o perfume, a plenitude e a transcendencia.

Xesús, que nunca nos separemos de ti, así daremos froitos abundantes de fe e de amor.



28-abril-2024
5º DOMINGO
PASCUA-B

EU SON A VIDE

Unha tarde de amores acendida:
eu son a vide, vós os baceiros,
coa miña vida teredes o crecemento
para que deades o froito sen medida.

Abertos ao amor, cheos de vida,
recibide do meu Espírito o alento,
será do noso líquido o fermento,
e poderedes ser vós a bebida.

Pero habedes de pasar por dura poda,
o acio prensado longamente,
madurado en bodegas silenciosas,
será consumación da nosa obra.



Unido á VIDE para ter VIDA

PASCUA 5º

FEITOS 9, 26-31: *El contoulles como tiñan visto o Señor no camiño.*

Naqueles días, cando chegou Saulo a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos, pero todos lle tiñan medo por non creren que fose discípulo de verdade. Pero Bernabé colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús. Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes querían matar. Ao sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e mais Samaría. Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ao Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.. *Palabra do Señor.*

SALMO 11: *O Señor é a miña loanza na grande asemblea.*

I XOÁN 3,18-24: *Este é o seu mandamento: que creamos e que amemos.*

XOÁN 15,1-8: *O que permanece en min e eu nel, ése dá froito abundante.*




Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús:- *Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. O bacelo que en min non leva froito arríncao; e o que leva froito límpao, para que leve aínda máis froito. Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado. Permanecedes en min e eu en vós. Así como o ramo non pode levar froito pola súa conta se non permanece na vide, tampouco vós se non permanecedes en min. Eu son a vide, vós os bacelos. Quen permanece en min e eu nel ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podeades facer nada. Se alguén non permanece en min, é coma os ramos arrincados fóra, que secan; apáñanos, bótanos no lume e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer.*

Nisto é glorificado meu Pai, en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)



Unido á VIDE para ter VIDA

1. VER: O oficio de viñateiro

- O domingo pasado aprendemos o oficio de pastor de Xesús, o Bo Pastor. Outro dos oficios que había na terra de Xesús era o dos viñateiros. Estes coidan as viñas, coidan cada cepa ao longo de todo o ano. É un oficio duro porque esixe plantar, cavar, coidar, podar, atar, eliminar parasitos, abonar, vendimar, preparar o viño... Xesús falaba da viña, do viño que faltou nunha voda etc.

Que fai un viñateiro? En que se parecerá Xesús e unha cepa ou vide?

2. XULGAR: Unido á VIDE para ter VIDA

- Estes domingos, Xesús Resucitado estanos axudando a coñecelo: as lecturas indícanos que é Alegría, Paz, Pan, Palabra, bo Pastor.... Hoxe dinos: *“eu son a VIDE e vós os BACELOS; meu Pai é o labrador; o que permanece UNIDO a min e eu a el, ese dá FROITO abundante, porque sen min non podeades facer nada...”*. Xn. 15, 1-8, película: <https://youtu.be/watch?v=zF0SeltwUOs>

QUE NOS QUERE DICIR?

- Hoxe Xesús dinos: *“meu Pai é o labrador”*. Deus é quen nos planta, cóidanos, réganos e prepáranos para que a nosa vida valla a pena. O obxectivo é que deamos froito, froito abundante. **Só deixándonos traballar por Deus**, abandonándonos nas súas mans, daremos froito. **Só se el nos poda**, se corta o que nos leva por mal camiño, o que nos separa del, daremos froito.

- *“O que permanece UNIDO a min e eu a el, ese dá FROITO abundante”*. S. Xoán explícanos que Xesús é a cepa, o tronco e nós somos os bacelos, as ramas. Estas, se non están unidas á cepa, secan, non dan froito. Para ter a VIDA de Deus, para dar froito doce, grande, bo, vivamos unidos a Xesús nos **sacramentos**. Sen froito non valem para nada.

- Pero a vida que atopamos en Xesús é para regalala. Es a “regadeira” de Xesús (ver Fano) para levar alegría, dozura, amor.

Alex Navarro M., 5º Pasc. B, Cousas de Deus, reflexión: <https://youtu.be/d5PV2IJQ818>

Vives unido a Xesús? Como creces nesa unión?

3. ACTUAR: Conéctate a Xesús para ter a súa VIDA.

- Non te esquezas de vivir “enchufado” a Xesús. Vive preto del, que non che falte a cobertura da súa Palabra e do seu Espírito. Dá grazas pola parroquia ou a comunidade que nos une a Xesús e por tantas persoas que son o rostro de Xesús resucitado hoxe e son un exemplo para nós: pais, catequistas, sacerdotes... Transmitamos a todos a alegría de estar unidos á Vide: a alegría de Xesús, a alegría de María, a alegría da Igrexa que é Comunidade do Resucitado.

Que imos facer?